

**4 ANOS  
SETIMA SEMANA! ANIMO!**


**CONTINUAMOS TRABALLANDO A PARTIR DO CONTO NOMEADO *ROSA CAMELO* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR ADELA TURIN E ILUSTRADO POR NELLA BOSNIA**

**LUNS, 25 DE MAIO**

**1º RUTINAS**

**2º A FAMILIA**


**PARTINDO DE PALABRAS COMO PAPA, MAMA, FILLO/A, CURMANS/AS... IMOS TRABALLAR SOBRE A FAMILIA! APETECEVOS?**



## ACTIVIDADE 1

- **CANTAS PERSOAS FORMAN A FAMILIA DE XOEL?**  
**1 MAMA + 0 PAPA + 2 IRMANS + 1 IRMA + XOEL = \_\_\_\_**
- **CANTOS TIOS E TIAS TEN XOEL?**  
**2 TIOS + 1 TIA = \_\_\_\_**
- **XOEL TEN MAIS / MENOS / IGUAL IRMAS OU IRMANS?**  
**2 IRMANS E 1 IRMA → TEN MAIS IRMANS / TEN MENOS IRMAS**
- **XOEL TEN MAIS / MENOS / IGUAL AVOS OU AVOAS?**  
**2 AVOS E 2 AVOAS → IGUAL**

**\*E IMPORTANTE EMPREGAR OBXECTOS, POR EXEMPLO:**



## **ACTIVIDADE 2**

**\*PARA QUE RESULTE MAIS DOADO, IMAXINA QUE TI ERES XOEL**

- **O PAPA DA MAMA DE XOEL E O SEU \_\_\_\_\_ (AVO)**
- **A IRMA DO PAPA DE XOEL E A SUA \_\_\_\_\_ (TIA)**
- **A FILLA DOS TIOS DE XOEL E A SUA \_\_\_\_\_ (CURMA)**
- **O FILLO DA MAMA E O PAPA DE XOEL E O SEU \_\_\_\_\_ (IRMAN)**

**MARTES, 26 DE MAIO**

**1º RUTINAS**

**2º ROUPA, ROUPIÑA**

**IMOS TRABALLAR CON DIFERENTES PRENDAS DE ROUPA QUE VISTEN HOMES E MULLERES. QUE VOS PARECE?**

**A CONTINUACION, PROPOÑO UNHA SERIE DE ACTIVIDADES:**


- **CALES SON AS PRENDAS DE ROUPA QUE MAIS USAMOS NA PRIMAVERA? INVITOVOS A RESOLVER ESTE CREBACABEZAS. A VER SE CONSEGUIDES ENCAIXAR CADA PEZA NO SEU LUGAR!**




**TENIS**




**CAMISETA**



**PANTALON**






**VESTIDO**



**CHAQUETA**



**GORRA**



- **QUE ROUPA LEVADES POSTA AGORA MESMO? ALGUNHA DAS MENCIONADAS NO CREBACABEZAS?  
→ ANIMOVOS A DEBUXAR UN AUTORRETRATO SINXELO E A ESCRIBIR O NOME DE CADA PRENDA  
(EN **GALEGO** OU EN **CASTELAN**)**

**SE QUEREDES FACER MAIS... CONVIDOVOS A DESCUBRIR AS TAREFAS DO FOGAR RELACIONADAS COA ROUPA → COMO SE PON A LAVADORA, COMO SE TENDE, COMO SE LLE PASA O FERRO, COMO SE DOBLA E, ONDE SE COLOCA NO ARMARIO.**

## **MERCORES, 27 DE MAIO**

### **1º RUTINAS**

### **2º USOS DIFERENTES**

**PROPOÑEMOSVOS ESTA ACTIVIDADE PARA TODOLOS NENOS/AS DE INFANTIL. PARA SABER EN QUE CONSISTE PREMEDE NO **DOCUMENTO** QUE O EXPLICA!**

## **XOVES, 28 DE MAIO**

### **1º RUTINAS**

### **2º O XOGO DOS NUMEROS (METODO ABN – JAIME MARTINEZ MONTERO)**

**CONVIDOVOS REPASAR O XOGO DOS NUMEROS (NESTE CASO, CENTRANDONOS NOS NUMEROS **5, 6 E 7**).**

**EXEMPLO: 6**

- **DEBUXAMOS CADA NUMERO NUN TAPON (OU NO QUE QUEIRADES) E PROCURAMOS ONDE ESTA O NUMERO 6. DESPOIS, DEBUXAMOS O TRAZO VARIAS VECES CON LAPIS.**



- **ESCRIBIMOS O NOME EN GALEGO / CASTELAN (EN MAIUSCULAS) E, A VEZ DICIMOS EN VOZ ALTA O NOME DAS LETRAS**

**SEIS**

**CINCO**

**SETE**

**ESE, E, I, ESE**




- \***DESPOIS, DICIMOS EN VOZ ALTA O NOME DO NUMERO EN GALEGO / CASTELAN E EN INGLES**

**5: CINCO, CINCO, FIVE**


**6: SEIS, SEIS, SIX**

**7: SETE, SIETE, SEVEN**

- **XUNTAMOS 6 OBXECTOS: DEPRESORES, TAPONS, GOMETS, DEDOS DA MAN...**




- **VEMOS SE 6 E MAIS GRANDE OU MAIS PEQUENO QUE OUTRO N°, POR EXEMPLO O 5**



6



MENOR QUE



5

**VENRES, 29 DE MAIO**


**1º RUTINAS**

**2º TRABALLANDO XUNTOS**

**HOXE IMOS FALAR DALGUNHAS PROFESIONS QUE DESEMPEÑAN OS HOMES E AS MULLERES, ANIMADESVOS?**

**ACTIVIDADE 1**

- **PRIMEIRO: COLOCAR DEBUXOS / IMAXES DAS *PROFESIONS A DESCUBRIR* (OU DALGUN ELEMENTO SIGNIFICATIVO DA MESMA: EXEMPLO → FOTOGRAFO / FOTOGRAFA: CAMARA FOTOGRAFICA) NO CHAN, NUNHA RINGLEIRA E, COLOCARSE A UNHA DISTANCIA CONSIDERABLE DELES.**



- **SEGUNDO: PROCURAR A PROFESION CORRESPONDENTE AO *ENUNCIADO A COMPLETAR* E, IR ATA ELA DA FORMA QUE SE INDICA NA COLUMNA NOMEADA *ACTIVIDADE A FACER*.**



**ESTADES PREPARADOS/AS? SEGURO QUE O CONSEGUIDES!**

<b>ENUNCIADO A COMPLETAR</b>	<b>ACTIVIDADE A FACER</b>	<b>PROFESION A DESCUBRIR</b>
<b>O / A _____ ARA A TERRA CO TRACTOR.</b>	<b>A PATA COXA</b>	<b>AGRICULTOR / AGRICULTORA</b>
<b>A / O _____ RECEITANOS MEDICAMENTOS CANDO ESTAMOS ENFERMOS/AS.</b>	<b>COMA UN ANANO</b>	<b>MEDICA / MEDICO</b>
<b>A / O _____ CRIA VACAS, CABALOS, OVELLAS...</b>	<b>SALTANDO COS PES XUNTOS</b>	<b>GANDEIRA / GANDEIRO</b>
<b>O / A _____ COIDA XARDINS.</b>	<b>CAMIÑANDO CARA ATRAS</b>	<b>XARDINEIRO / XARDINEIRA</b>
<b>O / A _____ ENTRENA NUNHA PISCINA OLIMPICA.</b>	<b>CAMIÑANDO MOI LENTO</b>	<b>NADADOR / NADADORA</b>
<b>O / A _____ ENSINA COUSAS NA ESCOLA.</b>	<b>COMA UN XIGANTE</b>	<b>MESTRE / MESTRA</b>
<b>A / O _____ FAI FOTOGRAFIAS DAS ARBORES.</b>	<b>SALTANDO ABRINDO E PECHANDO OS BRAZOS</b>	<b>FOTOGRAFA / FOTOGRAFO</b>
<b>O / A _____ AMAÑA AS TUBERIAS SE HAI UNHA FUGA DE AUGA.</b>	<b>CORRENDO</b>	<b>FONTANEIRO / FONTANEIRA</b>

## ACTIVIDADE 2

- **PROCURAR PROFESIONS QUE COMECEN POLAS SEGUINTES LETRAS:**



### **EXEMPLO:**

**D (DA-, DE-, DI-, DO-, DU-): DEBUXANTE / DEBUXANTE, DENTISTA / DENTISTA, DIRECTORA / DIRECTOR.**

**P (PA-, PE-, PI-, PO-, PU-): PANADEIRO / PANADEIRA, PINTOR / PINTORA, POLICIA / POLICIA.**

**FINALMENTE, ADXUNTO O ENLACE DA BIBLIOTECA PARA QUE SIGADES INVESTIGANDO:**

<http://lectorinvaladouro.blogspot.com>

**AGARDO AS VOSAS MENSAXES!**